

O Teatro Jofre activa a venda de entradas de *Síntese Horizonte*, o novo directo de Guadi Galego con banda, que terá lugar o 27 de xaneiro en Ferrol

A cantante e compositora regresa aos escenarios galegos tras máis dun ano de ausencia, cun espectáculo que tamén presentará o 26 de xaneiro en Santiago de Compostela, cuxos billetes xa están esgotados, e o 13 de abril en Pontevedra



Cedeira, 13 de decembro de 2023.- Guadi Galego actuará no Teatro Jofre o vindeiro 27 de xaneiro. A cantante e compositora presentará na Ferrolterra o seu novo espectáculo, *Síntese Horizonte*, unha proposta expresamente concibida para presentar, ao vivo, sobre as táboas dos teatros de Galicia. Desde esta mañá é posible adquirir as entradas para asistir á cita no recinto ferrolán a través da plataforma en liña www.ataquilla.com.

Guadi Galego quere ofrecer ao público unha experiencia musical única e transformadora a través de *Síntese Horizonte*. O directo presentárase con tres citas exclusivas nas que se acompañará dunha portentosa banda conformada por grandes artistas do país, e que se reunirá especialmente para esta feliz ocasión. Guillerme Fernández (guitarra acústica eléctrica e sintetizada), Rubén Iglesias (baixo e sintetizadores), Isaac Palacín (batería e percusión), Álex Fernández (teclados) e un coro conformado por Paula Romero, Faia Díaz, Inés Salvado e Rocío Giménez participarán nesta tríade de actuacións, que tamén destacarán tanto pola súa cuidada iluminación (baixo a dirección e o deseño de Laura Iturralde e José Faro, de NONONON.LAB) como pola súa posta en escena (de Marina Oural e Ugía Pedreira, da Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento).

Síntese Horizonte presentárase, ademais, o 26 de xaneiro no Teatro Principal de Santiago de Compostela, cuxas entradas se esgotaron en menos de 24 horas desde que saíron á venda, e o 13 de abril no Teatro Principal de Pontevedra, no marco do ciclo *Resoan*, no que máis da metade das butacas xa están ocupadas. Estes billetes pódense adquirir tamén a través do espazo web www.ataquilla.com.

GUADI GALEGO

É unha das artistas máis relevantes da escena musical galega das últimas décadas. A súa andaina musical comezou sendo ela moi nova, un camiño fiado especialmente a Berrogüeto como vocalista, pianista e gaiteira, e que, co tempo, deu paso a outros proxectos máis persoais, como Espido ou Nordestin@s. No 2009 inicia a súa carreira en solitario con *Benzón*. Logo chegarían os exitosos *Lúas de Outubro e Agosto* (con éxitos indiscutibles como *Chea de vida* ou *Matriarcas*), *O mundo está parado*, *Inmersión*, *Costuras* ou o máis recente *Roibén* (2022), LP que presentou en diferentes puntos da xeografía peninsular.

Logo dunha simbólica ausencia nos escenarios do país, Guadi Galego segue a atravesar etapas e dá paso a novos horizontes, sen esquecer que a vida existiu e persiste nela. Se no mes de setembro lanzaba o sinxelo *O.D.A*, toda unha declaración de intencións sobre a madurez e aceptación da vida, e na que reivindica o dereito a seguir experimentando, no 2024 presenta *Síntese Horizonte*, unha aposta da propia Guadi pola evolución do seu son, pois con cada disco, e con cada espectáculo, foi aprendendo a desaprender do establecido.

DATAS SÍNTESE HORIZONTE

26 de xaneiro, 20.30 horas - Teatro Principal de Santiago de Compostela

Entradas esgotadas.

27 de xaneiro, 20.30 horas - Teatro Jofre de Ferrol

Entradas á venda en www.ataquilla.com

13 de abril, 20.00 horas - Teatro Principal de Pontevedra. Ciclo 'Resoan'

Entradas á venda en www.ataquilla.com

Descarga o [kit de prensa de Guadi Galego](#)

Contacto de prensa

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

Management & contratación

Culturactiva

Manuel Roxo | 981 58 28 36

info@culturactiva.org